



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Navaza, Gonzalo

Reseña "HIDRONIMIA Y LÉXICO DE ORIGEN PALEOEUROPEO EN GALICIA" de BASCUAS,
EDELMIRO

Estudos de Lingüística Galega, vol. 1, enero-diciembre, 2009, pp. 277-281

Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305626315005>

- Cómo citar el artículo
- Número completo
- Más información del artículo
- Página de la revista en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Red de Revistas Científicas de América Latina, el Caribe, España y Portugal

Proyecto académico sin fines de lucro, desarrollado bajo la iniciativa de acceso abierto

BASCUAS, EDELMIRO (2006): *HIDRONIMIA Y LÉXICO DE ORIGEN PALEOEUROPEO EN GALICIA*. SADA – A CORUÑA: EDICIÓNS DO CASTRO, 424 PP.

Logo de *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*, publicado en 2002 como anexo de *Verba*, ademais doutros traballos breves aparecidos en revistas especializadas, Edelmiro Bascuas achéganos con este volume unha nova contribución ao estudo do substrato prelatino de Galicia. Aínda que o título do libro precedente só facía referencia explícita á hidronimia, tanto naquel coma

neste complementase a análise etimolóxica dos hidrónimos coa de numerosas voces do léxico común galego que poden atribuírse ao mesmo substrato. Xa se advirte nos títulos que o autor considera *paleoeuropeos* esa hidronimia e ese léxico. É o termo con que vén traducíndose o alemán *alteuropäisch*, acuñado por H. Krahe para denominar o estrato lingüístico que deu orixe a moitos hidrónimos de Europa que, atendendo ás súas raíces e á súa morfoloxía, poderían considerarse indoeuropeos, pero que, por diferentes razóns, sobre todo fonéticas, e tamén pola distribución xeográfica, non poden adscribirse a ningunha lingua ou grupo de linguas segundo os parámetros convencionais do modelo indoeuropeo.

A toponimia de Galicia ofrece excelente material para os estudos de paleolingüística. É un territorio lingüisticamente conservador, como corresponde á situación periférica, e aínda que tanto a súa lingua coma a súa toponimia son esencialmente neolatinas, conservan un elevado número de elementos de substrato. A isto debemos engadir dous factores singulares. O primeiro é unha altísima densidade toponímica, favorecida pola orografía irregular e a dispersión da poboación; unha densidade que afecta igualmente á hidronimia da nosa extensa rede fluvial: o *país dos mil ríos*, que dixera Cunqueiro. Como é sabido, a hidronimia constitúe un ámbito especialmente conservador. O segundo factor é a existencia dunha abundante documentación escrita, especialmente a partir do século IX, que axuda a camiñar con paso firme na reconstrución das formas orixinarias dos topónimos.

Os estudos de toponimia galega contan cunha sólida tradición desde os pioneiros traballos de Sarmiento, no século XVIII. Grazas á obra de investigadores como Menéndez Pidal, Moralejo Lasso, Joseph M. Piel, Dieter Kremer, J. Corominas, A. Santamarina, E. Rivas, etc., os topónimos galegos de orixe latina ou latino-romance, e con eles os formados a partir da antroponimia medieval de orixe xermánica, son en xeral ben coñecidos. A toponimia prelatina, non obstante, aínda que dispuña de importantes estudos específicos (v.g. os dedicados por Menéndez Pidal, Moralejo Lasso e outros ás formas toponími-

cas cun segundo elemento *-bre*, incontestablemente relacionado co celta *-briga*) só se vira iluminada indirectamente en obras de conxunto dedicadas á toponomástica hispánica ou europea en xeral (Pidal, Tovar, Aebischer, Corominas, Hubschmid, Krahe, De Hoz, Albertos, Villar, Prósper...) e seguía a ser un campo escuro ou con grandes áreas de sombra, cando non unha especie de saco sen fondo onde se deixaba todo o que non atopaba explicación coherente no ámbito do latín ou dos estratos posteriores. A situación comezou a mudar radicalmente na última década mercé a investigadores galegos como Moralejo Álvarez, Edelmiro Bascuas ou Carlos Búa, que desde perspectivas teóricas próximas á indoeuropeística de Villar, Krahe ou Untermann, combinan o rigor metodolóxico co coñecemento da lingua galega e da documentación antiga e medieval de Galicia.

Bascuas clasifica os hidrónimos atendendo á raíz indoeuropea con que os vincula, no ronsel dos traballos de Krahe e De Hoz, empregando como principal referente para a identificación das raíces o dicionario de Pokorny (1994)¹. No libro de 2002 ocupárase das raíces **ER-* 'moverse', **AP-* 'auga, río', **AM-* 'leito do río, canle', **WEGW* 'húmido', **UPS* 'alto', **EL-* 'fluír' e **G^WER* 'tragar'. Esta obra de 2006 mantén a mesma disposición: o primeiro capítulo trata das formas emparentadas coa raíz **TA-* 'derreter, fluír', o segundo con **TEU-* 'inchar', o terceiro con **TER* 'fregar, atravesar' e o cuarto con **NEIGW* 'lavar'. Cada capítulo divídese en seccións que se ocupan dos sufixos, alongamentos e derivacións que dan lugar a distintas estruturas morfolóxicas nas series de hidrónimos ou no léxico común relacionado etimoloxicamente con eles, seguindo criterios de coherencia morfolóxica e semántica.

O resultado é un estudo minucioso de varios centenares de hidrónimos e apelativos, parte deles estudados por primeira vez e en moitos outros casos sometendo a atenta e erudita revisión as propostas etimolóxicas precedentes, todo con estrito rigor metodolóxico, preciso manexo de fontes antigas e medievais, oportunas referencias a formas toponímicas e léxicas doutras áreas lingüísticas e unha sabia prudencia que leva ao

autor a insistir na condición hipotética de moitas das súas formulacións.

O capítulo primeiro, dedicado á raíz hidrónica indoeuropea *TĀ, divídese en tres grandes seccións, segundo a vogal radical sexa un *a*, sexa unha vogal palatal ou sexa unha velar. A primeira sección comeza co grupo de formas que remontan a unha base *tam-*, resultante dunha derivación desa raíz *TĀ mediante un sufixo *-mo*: topónimos *Tambre*, *Támega*, *Tamuxe*, *Tameirón*, *Tamallancos*, *Tamaio*..., e apelativos como *tama*, *tamo*, *támara*, *tamargo*, etc. Nun segundo grupo trata as formas con alongamento en consoante velar: topónimos *Tagus* (*Tejo*, *Tajo*, *Texo*), *Tago*, *Toubes*, *Temes*, *Teis*, *Tis*, *Taibo*, apelativos como *taña* e algúns antropónimos como *Taginus*, *Taganus* e semellantes, rexistrados na epigrafía da Hispania occidental e que nalgúns casos sobreviviron ata a idade media. Nun terceiro grupo inclúe as formacións con sufixo *-lo-* como os topónimos *Teo* (*Talegio* na documentación medieval), *Trobe* (*Talobre*), *Tállara*, *Tallón*, *Tallós*... Nun cuarto grupo inclúe formas con sufixo *-no-* que dan lugar a topónimos como *Tambo* e *Tenlo* e nun quinto os que responden a un alongamento con consoante labial (*Tabeaio*, *Tabeirós*, *Tavilo*, *Taborda*, *Tabagón*, *Taboexa*...). Na segunda sección, correspondente a formacións con vogal radical palatal, ocúpase de formas hidrónicas como *Tembra*, *Tea* (*Tena* na documentación medieval), *Tiela*, *Tineo*, *Tieira*, *Teáns*, *Tinde*, *Tioira*, *Telva*, *Tebra* ou o etnónimo dos *Tiburos* (de onde *Trives*). Na sección correspondente a formas con vogal radical velar estuda topónimos como *Tuñas*, *Toxa*, *Toar*, *Tiobre* (*Toiobre* na documentación), *Tuño*, *Tomiño*, *Toques*, *Túa* e *Tuela*, *Tui*... e apelativos como *toca* ou *toxo*.

O capítulo segundo dedícase á raíz indoeuropea *TEU 'inchar', algunhas de cuxas formas poden confluír ou confundirse coas derivadas da raíz tratada no primeiro capítulo. Aquí ocúpase de apelativos e topónimos como *tol*, *tola*, *tolo*, *tulla*, *tolda*, *touza*, *touca*, *touciño*, *tocón*, *túzaro*, *tosco*, *tocho*, *tornoce-lo*, *aturuxar*, *aturar*, *atorar*, *entalar*, *tormo*, *turrar*, *tirizó*, *chuca*, *chosco*, *Tolda* e *Toldaos* (no cal contradí a etimoloxía comunmente aceptada que o vén considerando orixina-

do nun asentamento de *toletanos*), *Tolosa*, *Toledo*, *Turza*, etc. Á mesma raíz pertencen tamén as formacións que remontan a unha base *TAUR- / *TUR-, de valor oronímico, que son tratadas nunha sección específica, onde se estuda a etimoloxía de topónimos como *Touro*, *Tourón*, *Touriñán*, *Toro*, *Torcela* ou o teónimo galaico *Torolo*.

O capítulo terceiro trata das formacións pertencentes á raíz *TER 'frotar, atravesar': topónimos *Tera*, *Tarás*, *Tarouca*, *Taragoña*, *Taraza*, *Tarascón*, *Treilán*, *Tarna*, *Tarañeira*, *Tarendo*, *Taramancos*, *Trado*, *Tor*, *Turió*, *Torea*, *Toralla*, *Tórdea*, *Tordoa*, o *Turoqua* dos itinerarios (que algúns identifican coa actual Pontevedra), *Turnes*, *Turonio*, *Traba*, *Trabanca*, *Trabazo*... e apelativos como *traza*, *trilla*, *tarugo*, *tarouco*, *tranca*, *trangallo*, *tarabelo*, etc.

No capítulo cuarto, moito máis breve ca os anteriores, ocúpase dos derivados da raíz indoeuropea *NEIG^w 'lavar'. Céntrase principalmente no nome de *Noia* (*Nóega*, *Noiga* nas fontes clásicas) e algúns topónimos emparentados (*Noalla*, *Noal*, *Nois*...).

Completan o traballo dous índices, un morfolóxico e fonético e outro toponímico e léxico. Vai precedido dun prólogo de Antón Santamarina que sitúa a obra de Bascuas no contexto da indoeuropeística e nos estudos da toponimia prelatina de Galicia e salienta as peculiaridades deste campo da lingüística.

A importancia deste libro de Bascuas para o coñecemento da nosa prehistoria lingüística é enorme. Independentemente das hipóteses etimolóxicas que se formulan, xa é altamente valioso só pola propia identificación de series léxicas e dos mecanismos morfolóxicos de derivación presentes na toponimia e no léxico estudados. E tamén o é pola achega pormenorizada da documentación histórica coas formas con que se rexistra cada un dos topónimos. Ás veces pode parecer nosa ousada a fiabilidade que o autor lle concede a unha única atestación, cando sabemos que na escrita medieval non só se practicaban falsas latinizacións, senón que moitas das lecturas dos paleógrafos son merecentes de sospeita; e en contadísimas ocasións temos que lamentar que o uso de fontes antigas e medievais non sexa

exhaustivo; por exemplo, a hipótese etimolóxica formulada para o topónimo *Taboexa* e algunhas das opinións expresadas nesa sección (§ 42.2) orientaríanse noutro sentido de ter en conta a forma *Taboleia* con que se rexistra na *Divisio Theodomiri*.

Teñen importancia así mesmo algunhas conclusión de carácter xeral que se tiran deste novo libro de Bascuas. Sen dúbida a principal é a relativa á proporción dun pretendido substrato preindoeuropeo ou non indoeuropeo na nosa lingua e nos nosos topónimos. Conforme se vai coñecendo mellor a toponimia prelatina de Galicia, grazas á obra de Bascuas e doutros autores mencionados, máis evidente resulta que case toda ela (ou sen case, podemos sospeitar) encaixa doadamente dentro do indoeuropeo.

No marco do modelo indoeuropeo tradicional, moitos hidrónimos e outras formas toponímicas ou léxicas son adscribibles sen reparo ao celta. Non obstante, para outras moitas formas, esa adscripción bate con determinados obstáculos fonéticos, que segundo a teoría tradicional obrigan a consideralas formas correspondentes a unha primitiva indoeuropeización, anterior á segunda onda indoeuropea, que xa sería céltica ou celtizada. Ao tratar do topónimo *Noia* di Bascuas:

Dada la difusión de esta raíz en las lenguas célticas, es tentador ver en este grado pleno un arcaísmo morfológico del celta galaico, coincidente con el del latín. Pero, ante la ausencia del grado /o/ en celta, parece más acertado atribuirlo al anterior estrato paleoeuropeo (§ 143.2).

Ilustran así mesmo o seu criterio as explicacións que dá para o nome do pobo dos *praestamarci* (de onde o topónimo *Posmarcos* actual), incontestablemente célticos, segundo as fontes clásicas e a epigrafía, mais que teñen un *p-* inicial no seu nome, cando a ausencia do *p-* inicial é tradicionalmente considerado unha marca de celticidade. Bascuas non descoñece propostas “heréticas” coma as de Untermann (1985-1986: 70; 1992: 372, 381) (quen da por céltica a lingua das inscricións lusitanas, a pesar do seu *p-* inicial, e considera igualmente celta o prefixo deste mesmo etnónimo), pero prefere seguir o “común sentir”, e ante a desconfianza que puidese suscitar o feito de que, tratándose de

celtas, se atribúa o seu nome a unha lingua anterior, suxire varias posibilidades, partindo de que as dúas linguas (paleoeuropea e celta) houberon de convivir algún tempo trala colonización celta: ou ben a lingua dos celtas chegados a esa zona adoptou o prefixo dos seus veciños paleoeuropeos, ou ben xa recibían ese nome os primitivos poboadores e os celtas asumírono trala súa chegada, ou ben esa denominación non era a que os celtas *praestamarci* se daban a si mesmos, senón a que lles daban os seus veciños non celtas.

Desde perspectivas teóricas máis recentes, como a defendida por Mario Alinei e Francesco Benozzo (2006), que negan a tese invasionista indoeuropea e as cronoloxías que convencionalmente se lle atribuían para remontar ao paleolítico a presenza das linguas indoeuropeas nos seus respectivos territorios históricos, cualificando de protocéltico o substrato prelatino de Galicia, os traballos de Edelmiro Bascuas non perden interese e valor, pois proporcionan así mesmo unha información imprescindible para o coñecemento da prehistoria lingüística desta área, que deste xeito corrixe a carencia de fontes epigráficas antigas cos abundantes testemuños da toponimia e o léxico conservados. Na minuciosa análise etimolóxica con que Bascuas somete a hidronimia galega aos parámetros teóricos do marco indoeuropeo convencional, os puntos de fricción poden ser interpretados igualmente como indicios de deficiencias dese marco. Así, os obstáculos fonéticos en que se apoia para negar a etiqueta de céltico a tal ou cal topónimo, interpretados como arcaísmos célticos poderían constituir un punto de partida para a revisión da caracterización fonética do protocelta.

Son igualmente interesantes as conclusións a que chega o autor sobre o vocalismo da hidronimia de Galicia. Aínda que concorda en xeral coa caracterización que fai Francisco Villar (1995: 191 e ss.) da lingua dos hidrónimos europeos, na que advirte «la ausencia generalizada de la vocal /ø/, que aparece reemplazada por /ä/»², Bascuas demostra que en parte do territorio galego se rexistran hidrónimos igualmente paleoeuropeos que presentan /ø/ aberto etimolóxico, como confirman as fontes escritas e o resultado ditongado nas formas paralelas

do dominio lingüístico castelán. Bascuas explica formulando a hipótese de que o sistema paleoeuropeo sen vogal /ö/ sería o orixinario, e que os hidrónimos con esa vogal representarían unha innovación, idéntica á que tivo lugar, de xeito independente, nas linguas con cinco vogais (o latín, o grego, o celta...).

Os dous libros de Edelmiro Bascuas sobre hidronimia (2002 e 2006), aos que podemos sumar numerosos traballos breves aparecidos en publicacións periódicas, veñen a proxectar unha luz formidable sobre a toponimia e o léxico prelatinos do noroeste hispánico ao tempo que proporcionan valiosa información para o coñecemento da prehistoria lingüística de Europa.

¹ Bascuas cí ao po a segunda ed c ón (Bern S u gar , 1989).

² O au or amén con radí a op n ón de V ar sobre o vo ca smo prerromano en E. Bascuas. (2002).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alinei, Mario / Francesco Benozzo [2006]: "Alcuni aspetti della teoria della Continuità Paleolitica applicata all'area gallega", *Actas do II Congreso Internacional de Onomástica Galega* (Pontevedra, 19-21 de outubro de 2006) (no prelo), (<http://www.continuitas.com>).

Bascuas, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 51 de *Verba*).

Pokorny, Julius (1994³): *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*, 2 vols. Tübingen: Basel: Francke.

Untermann, Jürgen (1985-1986): "Lusitanisch, Keltiberisch, Keltisch", *Veleia* 2-3, 57-76 (número dedicado a *Studia Paleohispanica*. *Actas del IV Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas* [Vitoria Gasteiz, 6-10 maio 1985], editado por J. Gorrochategui / J. L. Melena / J. Santos).

Untermann, Jürgen (1992): "Anotaciones al estudio de las lenguas prerromanas del Noroeste de la Península Ibérica (I)", en *Galicia: da romanidade á xermanización* (*Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey*). Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 367-397.

Villar Liébana, Francisco (1995): *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.

Gonzalo Navaza